



ANUNCIO

Procesos selectivos para a contratación de persoal laboral temporal para o programa socio-cultural e deportivo 2015/2016: Monitores/as de escolas deportivas e culturais nas distintas modalidades de actividades. Modalidade de Aeróbic e loga.

Expte. Nº: 2015/03 ps

En relación á convocatoria dos procesos selectivos para a contratación de persoal laboral temporal para o programa socio-cultural e deportivo 2015/2016: Monitores/as de escolas deportivas e culturais nas distintas modalidades de actividades, vista proposta de contratación de data 03/12/2015 do Tribunal cualificador do proceso selectivo para cubrir as prazas de referencia resulta que quedan desertas as prazas de monitor/a deportivo/a nas modalidades de Aeróbic (16 horas/mes) e loga (16 horas/mes).

Polo que persistindo a necesidade de cobertura das citadas prazas, esta Alcaldía Presidencia, no uso das facultades legalmente conferidas, resolveu mediante decreto de data 07/01/2016 proceder á apertura dun novo prazo de presentación de instancias de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria nun dos diarios de maior tirada de Galicia (Faro de Vigo), de conformidade co establecido nas bases da convocatoria aprobadas mediante resolución de data de 22/10/2015.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Nigrán, 7 de xaneiro de 2016

O Alcalde

Asdo. Juan A. González Pérez

